

## PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Neste enlace da páxina oficial do Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE) podes consultar máis información:

[www.redtrabaja.es/es/redtrabaja/contenidos/infoPresta.do](http://www.redtrabaja.es/es/redtrabaja/contenidos/infoPresta.do)

Unha prestación por desemprego é un salario que se paga ós desempregados inscritos no Servizo Público de Empleo da súa comunidade autónoma que cumpren unha serie de requisitos (que varían segundo o tipo de prestación solicitada) por un período de tempo determinado.

O Servicio Público de Empleo Estatal é o Organismo Autónomo dependente do Ministerio de Trabajo e Inmigración, encargado da xestión e control destas prestacións por desemprego, salvo para os traballadores incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, cuxa xestión e control están encargados ó Instituto Social de la Marina.

Hai distintos tipos de protección:

- **Nivel contributivo. Prestación por desemprego.** Poden solicitala os que podendo e querendo traballar, perden o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou vexan reducida temporalmente, polo menos, nunha terceira parte a súa xornada laboral, por expediente de regulación de emprego, coa correspondente perda ou redución análoga de salarios, por algunha das causas establecidas como situación legal de desemprego.

- **Nivel asistencial. Subsidio por desemprego.** Poderán ser beneficiarios os desempregados que, figurando inscritos como demandantes de emprego (sen ter rexeitado oferta de emprego axeitada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais) e, carecendo de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ó 75 % do Salario Mínimo Interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, se atopen nalgún dos colectivos e situacións determinadas polo Ministerio de Trabajo e Inmigración para ter dereito á dita prestación.
- **Protección por desemprego dos traballadores do Réxime Especial Agrario.** Respecto á prestación de nivel contributivo a normativa vixente prevé certas peculiaridades para os traballadores do campo **eventuais** en canto ós requisitos de acceso e duración do dereito. Non existe diferenza algunha para os traballadores **fixos ou fixos descontinuos** do Réxime Especial Agrario, que poden beneficiarse da prestación contributiva por desemprego nos mesmos termos que os traballadores do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Os traballadores que residan nas Comunidades Autónomas de Extremadura e Andalucía, e teñan relacións laborais **eventuais** ou realicen traballo como **fixos descontinuos**, ademais de poder acceder a unha prestación por desemprego de nivel contributivo, poden beneficiarse de outras prestacións de nivel asistencial especiais e diferentes das establecidas con carácter xeral para residentes en todo o territorio nacional: o subsidio por desemprego para

traballadores eventuais incluídos no Réxime Especial Agrario e a Renda Agraria.

- **Renda Activa de Inserción.** O obxectivo do Programa de Renda Activa de Inserción, regulado polo Real Decreto 1369/2006, de 24 de novembro, é incrementa-las oportunidades de retorno ó mercado de traballo de determinados colectivos de traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego. Ditos colectivos son os desempregados maiores de 45 anos, emigrantes retornados, persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero y vítimas de violencia doméstica.

O programa comprende medidas de políticas activas de emprego, xestionadas polos Servizos Públicos de Emprego coa finalidade de incrementa-las oportunidades de reinserción laboral, e o abono dunha prestación económica, denominada renda activa de inserción, vinculada á realización das accións en materia de políticas activas de emprego que non contén con retribucións salariais.